Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asunto: *MC 27.2026 (CE financiado con RLTGX para aprobación da cota extraordinaria xirada pola MCSB)*
Expediente TEDEC: *2026/T002/000027*

INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

No cumprimento da Providencia da Alcaldía, na que se incoa expediente de crédito extraordinario para o financiamento dunha serie de gastos, emítese o presente en base aos seguintes

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Por Resolución da Alcaldía núm. 118/2026 do 02/03/2026 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2025, da que resultaron as seguintes magnitudes:

- Superávit orzamentario de **173.369,67 €**
- RLTGX de **480.807,44 €**
- Endebedamento a 31.12.2025: **944.036,95 €**
  - Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
  - Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2025: 769.226,82 €
  - Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2025: 174.810,13 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2025: **19,39 días**

Segundo: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 27/2026, modalidade crédito extraordinario, cuxo obxecto é a dotación de crédito para poder aprobar, como entrega a conta, a liquidación extraordinaria 2026 xirada pola MCSB.

Terceiro: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

Cuarto: A Alcaldía emite proposta de acordo para someter a aprobación do Pleno do Concello de Lousame.

Corresponde á Secretaria-Interventora informar, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias aplicables, nas que funde o seu criterio. Cumprimentando este deber, emítese o seguinte:

I N F O R M E

PRIMEIRO.- Lexislación Aplicable

… que xustifica a emisión deste Informe:

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

… aplicable ao expediente administrativo:

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF).

CVD: 1uB9fhZl1SzJPbZ3FvFD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (Regulamento).
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- O documento que aparece na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polo que se materializan as obrigacións de subministración de información.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IXAE (novembro 2014).
- Regulamento núm. 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010
- Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea.
- Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 estiveron suspendidas as regras fiscais en España, ao ter apreciado o Pleno do Congreso dos Deputados a concorrencia de circunstancias excepcionais que xustificaban a suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra do gasto, nas sesións do 20/10/2020 (para os anos 2020 e 2021), 13/09/2021 (para o ano 2022) e 22/09/2022 (para o ano 2023).
- O 10/05/2024 a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local emite un documento denominado "*Preguntas frecuentes sobre los efectos de la reactivación de las reglas fiscales en 2024 con relación a las Entidades Locales"*, no que se sinala que:
  "*Durante los ejercicios 2020, 2021, 2022 y 2023 han estado suspendidas las reglas fiscales en España, siguiendo las recomendaciones de la Comisión Europea, que decidió aplicar la cláusula general de salvaguardia del Pacto de Estabilidad y Crecimiento, para amortiguar los efectos de la pandemia causada por el COVID-19 y, posteriormente, los de la guerra de Ucrania. En la Comunicación de la Comisión Europea al Consejo de 8 de marzo de 2023, apartado 5, se establece la retirada de la cláusula general de salvaguardia a partir de finales de 2023. En consecuencia, las reglas fiscales aplicables a las Administraciones Públicas españolas quedan reactivadas en 2024, quedando éstas obligadas a su cumplimiento"*
- O 21/03/2025, a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local emite un documento denominado "*Preguntas frecuentes sobre la aplicación de las reglas fiscales en 2025 y la evaluación de su cumplimiento en 2024 en relación con relación a las Entidades Locales"*
- Real Decreto Lei 13/2026, do 2 de xuño, polo que se adoptan medidas relativas aos recursos dos sistemas de financiación territorial.

SEGUNDO.- **Procedencia da modificación orzamentaria por crédito extraordinario**

De acordo co artigo 177.1 do TRLRFL, *"(...) cando deba realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario no primeiro caso, ou de suplemento de crédito no segundo. O expediente, que deberá ser informado previamente pola Intervención, someterase á aprobación polo Pleno da Corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos (...)"*.

UN. Inexistencia de crédito no nivel de vinculación xurídica

☒ Si. O requisito para tramitar un crédito extraordinario é a insuficiencia de crédito no nivel de vinculación xurídica. Na Memoria da Alcaldía indícase a situación das aplicacións orzamentarias afectadas, e pode concluírse que non existe o crédito axeitado e suficiente para o fin pretendido (aprobación, como entrega a conta, da liquidación extraordinaria xirada pola MCSB relativa ao ano 2026)

CVD: 1uB9fhZl1SzJPbZ3FvFD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

☐ Non.

DOUS. Gasto indemorable ata o exercicio seguinte

☒ Si. Remítome ao sinalado na memoria e proposta da Alcaldía.
☐ Non.

TRES. Gasto concreto e determinado

☒ Si.
☐ Non.

CATRO. Outras consideracións

☐ Si.
☒ Non.

TERCEIRO.- Procedemento e Tramitación

De acordo co artigo 37 RD 500/1990, *"1. Os expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito serán incoados, por orde do presidente da Corporación e, no seu caso, dos órganos competentes dos organismos autónomos dependentes da mesma, nas unidades que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas.*

2. Á proposta haberá de acompañar unha memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar a clase de modificación a realizar, as aplicacións orzamentarias ás que afecta e os medios ou recursos que han de financiala, debendo acreditarse:

- *O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.*
- *A dita inexistencia (...) de crédito deberá verificarse no nivel no que estea establecida a vinculación xurídica.*

3. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida polo presidente á aprobación do Pleno da Corporación."

Por outra parte, o artigo 38 establece que o expediente do crédito extraordinario estará suxeito aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos, debendo ser executivos no exercicio no que se autoricen.

Polo tanto verifícase a realización dos trámites previos a este informe:

☒ Incoación do expediente pola Alcaldía do Concello.
☒ A proposta vai acompañada dunha memoria xustificativa da necesidade da medida, que acredita o carácter específico e determinado do gasto, a inexistencia/insuficiencia de crédito adecuado no nivel de vinculación xurídica, a imposibilidade de demorar tal gasto ó exercicio seguinte e indica as partidas orzamentarias afectadas, xunto co medio de financiamento da modificación.

Posteriormente, a proposta deberá elevarse ao Pleno para a súa aprobación e seguir os mesmos trámites que os Orzamentos municipais:

CVD: 1uB9fhZl1SzJPbZ3FvFD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

a) Incoación por orde da Alcaldía-Presidencia da Corporación
b) Memoria xustificativa da modificación de crédito
c) Informe da Intervención
d) Aprobación inicial polo Pleno, por maioría simple (47.1 da LBRL), previo ditame da Comisión Informativa que corresponda.
e) Anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e exposición pública por prazo de 15 días hábiles (art. 169 TRLRFL)
f) Aprobación definitiva, previa resolución polo Pleno no caso de presentarse reclamacións (art. 170 TRLRFL) ou implícita no caso de non presentarse reclamacións.
g) Publicación no BOP, unha vez aprobado definitivamente o crédito extraordinario, do resumo do orzamento coas modificacións aprobadas.
i) Entrada en vigor unha vez publicada no BOP a modificación de crédito.

Incorporaráse por esta Intervención o informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, esixido polo artigo 16.2 do Regulamento de estabilidade orzamentaria.

CUARTO.- Financiamento

Acredítase a existencia de financiamento suficiente para tramitar a modificación orzamentaria.

En concreto, o RLTGX derivado da Liquidación do Orzamento do exercicio 2025 (87000 / RLTGX), por importe de 480.807,44 €; dos que se empregarán nesta modificación a contía de 106.034,78 €:

RLTGX resultante da Liquidación 2025	480.807,44
RLTGX empregado na MC 3/2026 (IRC)	-19.708,57
RLTGX sobrante tras a MC 3/2026	461.098,87
RLTGX empregado na MC 4/2026 (SC)	-92.291,69
RLTGX sobrante tras a MC 4/2026	368.807,18
RLTGX empregado na MC 5/2026 (CE)	-184.731,74
RLTGX sobrante tras a MC 5/2026	184.075,44
RLTGX empregado na MC 8/2026 (IRC)	-40.956,23
RLTGX barrado da MC 8/2026 (IRC)	+40.956,23
RLTGX sobrante tras a MC 8/2026	184.075,44
RLTGX empregado na MC 27/2026 (IRC)	-106.034,78
RLTGX sobrante tras a MC 27/2026	78.040,66

QUINTO.- Conclusión

A proposta de modificación orzamentaria por crédito extraordinario 27/2026 é conforme coa lexislación aplicable; sen prexuízo do informado con ocasión do análise da estabilidade orzamentaria.

Este é o meu informe, que emito sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito; de tódolos xeitos

CVD: 1uB9fhZl1SzJPbZ3FvFD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

o órgano competente para resolver (o Pleno Corporativo) no seu máis alto criterio adoptará a decisión que estime máis conveniente.

Documento asinado dixitalmente

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero.

Visto. Achéguese ao expediente.
O Alcalde, Esteban Ares García

CVD: 1uB9fhZl1SzJPbZ3FvFD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/